


DOSSIER DE PRENSA

CINBIO



¿QUÉ É O CINBIO?

O centro de investigación CINBIO é un espazo formado por máis de 200 persoas: profesores/as, doutores/as, estudantes de doutoramento e técnicos/as de laboratorio. Unha aposta da Universidade de Vigo para desenvolver o ámbito biomédico e biotecnolóxico cun elemento diferencial respecto doutros centros de similares características: a súa multidisciplinariedade. Contamos con investigadores e investigadoras do máis alto nivel en varias disciplinas: medicina, bioloxía, química, física, matemáticas e informática.

O CINBIO constituíuse no ano 2016 como un centro de investigación cuxo obxectivo principal é dar resposta non só ás necesidades do sector biomédico e biotecnolóxico, senón tamén á sociedade en xeral. Nese mesmo ano, a Xunta de Galicia concedeulle o recoñecemento como Centro de investigación Singular do Sistema Universitario Galego. Desde entón, centramos a nosa actividade na xeración de coñecemento a través dunha investigación de alto impacto realizando actividades de I+D+i e desenvolvendo a súa aplicación.

Datos dos últimos tres anos


+200
Investigadores e Investigadoras

[Máis información](#)


+254
Publicacións

[Máis información](#)


+21
Proxectos

[Máis información](#)


+19
Contratos

[Máis información](#)


+12
Patentes

[Máis información](#)


+75%
Publicacións Q1

[Máis información](#)


+3M
Investimento captado

[Máis información](#)

MISIÓN E VISIÓN

O noso obxectivo fundamental é multiplicar o retorno á sociedade en forma de profesionais e de transferencia do coñecemento científico. Para asegurar o futuro da investigación, desde o centro tratamos de espertar a inquietude de mozas e mozos investigadores e atraer o talento de investigadoras e investigadores consolidados co fin de desenvolver un centro de investigación multidisciplinario de referencia e con prestixio internacional.

A nosa meta é consolidar o CINBIO como centro de referencia para a innovación en sectores como o ámbito biotecnolóxico e biomédico, a través da excelencia e a súa proximidade ás necesidades da sociedade.


Tendo en conta todo isto, e en consonancia coas estratexias europea, nacional e autonómica da saúde, a misión do CINBIO é crear e transferir coñecemento e innovación nos campos biomédico e biotecnolóxico, sempre baixo un enfoque colaborativo e multidisciplinario.

VALORES

- ➔ Multidisciplinidade, integración e cooperación
- ➔ Profesionalidade das infraestruturas e plataformas tecnolóxicas
- ➔ Mocidade, liderado e creatividade
- ➔ Ética e transparencia
- ➔ Integración
- ➔ Compromiso coa sociedade
- ➔ Apertura a empresas
- ➔ Orientación a resultados
- ➔ Internacionalización
- ➔ Espírito de mellora




ÁREAS DE INVESTIGACIÓN



MEDICINA MOLECULAR

Investígase nas bases moleculares de diversas enfermidades (incluídas as enfermidades raras), resposta inmunitaria e neurociencias. Desenvólvense métodos de diagnose e tratamento. Así, os estudos desta liña divídense en:

- Xenética
- Fármacos
- Diagnose
- Inmunoloxía
- Inmunoterapia
- Enfermidades raras
- Neurociencias
- Virus



NUTRICIÓN E BENESTAR

Nesta área realízanse investigacións relacionadas coa nutrición e o deporte, o microbioma e as bacterias. Os principais estudos deste campo divídense en:

- Nutrición
- Microbioma
- Termalismo/bacterias



NANOMATERIAIS

Nesta área realízanse investigacións sobre materiais a nanoescala, que xiran arredor dos seguintes campos:

- Nanocatálise
- Biosensores
- Nanofotónica
- Nanovacinas
- Nanomagnetismo




INFORMÁTICA PARA A SAÚDE E BIOESTATÍSTICA

Nesta área transversal analízanse datos para realizar modelos predictivos e para a súa posterior inferencia no campo da biomedicina, así como o uso de software para o tratamento destes datos.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN


O CINBIO está formado por un total de catorce grupos de investigación, aínda que o centro sempre está en perspectiva de mellora e ampliación. A meirande parte dos grupos localízanse no campus de Vigo, agás SING e EQ-2 que se atopan actualmente no campus de Ourense.



INVESTIGADORES/AS PRINCIPAIS



MIGUEL CORREA



(TNT)
TEAMNANOTECH

macorrea@uvigo.gal
Tfno.: 986 130 168

Miguel A. Correa-Duarte obtivo o Grao de Doutor en Química pola Universidade de Vigo en 2002. Tras este período realizou estadias de posdoutoramento en CAESAR (Alemaña) e Arizona State University (EE.UU). Na actualidade ocupa uha praza de Profesor Titular no Departamento de Química Física da Universidade de Vigo, onde dirixe o CINBIO e TeamNanoTech, grupo dedicado ao deseño, síntese e aplicación de nanomateriais e á súa integración en dispositivos. Correa Duarte publicou máis de 100 artigos en revistas de alto impacto e rexistrou 5 patentes. Ademais, foi IP de quince proxectos de investigación nacionais e internacionais e coordina a Rede Galega de Nanomedicina.

DIANA VALVERDE



LABORATORIO
DE ENFERMIDADES
RARAS)

dianaval@uvigo.gal
Tfno.:988 811 963

É licenciada en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela (1991) e doutorada pola Universidade da Coruña (1997). Desde 2009 exerce o labor de profesora titular na Universidade de Vigo e en 2013 foi acreditada catedrática. Como investigadora principal no Laboratorio de Enfermidades Raras do CINBIO, as súas liñas de investigación principais son as enfermidades raras e a procura de marcadores xenéticos para a estratificación de pacientes. Posúe a autoría de 81 traballos de investigación e acadou un índice H de 20 (Scopus). Ademais, é coinventora de dúas patentes, dirixiu once teses de doutoramento e varios TFM e TFG. É tamén coordinadora do Mestrado en biotecnoloxía avanzada da Universidade de Vigo.

HERMINIA DOMÍNGUEZ



BIOMASA E
DESENVOLVEMENTO
SOSTIBILE (EQ-2)

herminia@uvigo.gal
Tfno.: 988 387 082

Actualmente, Herminia Domínguez exerce o seu labor docente na Facultade de Ciencias de Ourense e o seu labor investigador como investigadora principal no EQ-2. A súa investigación céntrase no desenvolvemento de procesos multietapa baseados no emprego de tecnoloxías eficientes de extracción co fin de lograr un uso integral dos recursos naturais renovables. Nos últimos anos, traballou no aproveitamento de fraccións e compostos de interese alimentario, cosmético e farmacéutico, obtidos a partir de biomasa vexetal e algal.

VERÓNICA SALGUEIRIÑO



MATERIAIS
MAGNÉTICOS
(MMMG)

vsalgue@uvigo.gal
Tfno.: 986 812 295

Despois de recibir o doutoramento en Química (Materiais) no ano 2003 pola Universidade de Vigo, traballou como investigadora posdoutoral na Universidade Duisburg-Essen (Alemaña), na Universidade Estatal de Arizona (Estados Unidos) e na Universidade de Santiago de Compostela. No ano 2009, comezou a desenvolver as súas funcións na Universidade de Vigo. Actualmente, como investigadora principal do grupo de Materiais Magnéticos, a súa investigación céntrase nas propiedades magnéticas das nanoestruturas híbridas.

JOSE A. LAMAS



NEUROCIENCIA

antoniolamas@uvigo.gal
Tfno.:986 812 563

Licenciado (1988) e doutorado (1993) en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela desde 1998, imparte clases no Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde da Universidade de Vigo. Con anterioridade, realizou unha estancia posdoutoral no primeiro centro, etapa na que implantou o primeiro laboratorio *patch-clamp* en Galicia. Tamén realizou outra estancia deste tipo na University College de Londres. Actualmente, é investigador principal do grupo de Neurociencia, que ten como principal liña de investigación a presenza de canles de dobre dominio de poro (K2P) en neuronas do sistema nervioso autónomo. Ademais, é coordinador do Mestrado en neurociencia e do programa de doutoramento na mesma materia impartido polas tres universidades galegas.

FLORENTINO FDEZ-RIVEROLA



SISTEMAS
INFORMÁTICOS
DE NOVA
XERACIÓN (SING)

riverola@uvigo.gal
Tfno.:988 387 015

É investigador principal do grupo SING desde a súa creación en 2001 e docente a tempo completo na Universidade de Vigo desde o ano 2000. Na actualidade, imparte as materias de Bases de datos II e Algoritmos e estruturas de datos I no Grao en Enxeñaría Informática. No eido investigador conta cun índice H de 23 (Scopus) grazas ás súas numerosas publicacións en revistas JCR. As súas investigacións céntranse principalmente no estudo de métodos híbridos de intelixencia artificial e a súa aplicación ás iniciativas de investigación translacional. Ademais, as súas publicacións científicas contan con 455 citas, publicou 47 traballos en revistas indexadas no primeiro cuartil (Q1) desde ano 2007.

ANA GAGO MARTÍNEZ



INNOVACIÓN EN
AGROALIMENTACIÓN
E SAÚDE (C18)

anagago@uvigo.gal
Tfno.:986 812 284

Doutora en Química pola Universidade de Vigo (1992). Realizou varias estancias posdoutorais no Instituto de Biociencias Mariñas (National Research Council, Halifax, Canadá) e tamén na División de Investigación de Alimentos do Ministerio de Sanidade de Ottawa (1993-1995). Científica invitada en varias universidades e en centros de investigación da UE e de EUA, entre outros: Universidade de Jena (Alemaña), Instituto de Investigación Mariña (Bergen, Noruega), Instituto Ricardo Jorge (Portugal), Instituto de Tecnoloxía de Cork (Irlanda) etc. Centrouse en métodos de desenvolvemento de toxinas de algas e, recentemente, introduciuse nunha nova área de investigación: traballar no desenvolvemento e na optimización de procedementos de pretratamento de mostras, así como métodos de espectrometría de masas para proteómica na Universidade de California (San Francisco, EUA).

Traballou en varios proxectos de investigación de financiamento nacional e da UE, e conta con numerosas publicacións no campo da análise de ficotoxinas. Dirixiu máis de vinte teses de doutoramento e máis de trinta proxectos de investigación para mestrados baseados nas áreas de investigación antes mencionadas. Preside o grupo de traballo da comunidade de toxinas mariñas e de auga doce na Asociación Internacional de Químicos Analíticos Oficiais (AOAC International).

Dende 2009 comparte responsabilidades como profesora titular no Departamento de Química Analítica e Alimentaria da Universidade de Vigo e tamén é directora do Laboratorio de Referencia de Biotoxinas Mariñas da UE.

JOSE L. LEGIDO



FÍSICA APLICADA (FA2)

xllegido@uvigo.gal
Tfno.:986 812 294

Licenciouse en Química no ano 1976 pola Universidade de Santiago de Compostela e tamén en Ciencias da Educación pola UNED en 1990. En 1988, obtivo o doutoramento en Física pola Universidade de Vigo, o mesmo ano en que se incorporou a ela como profesor titular. A súa investigación actual como investigador principal do grupo de Física Aplicada céntrase no seguimento do crecemento bacteriano mediante técnicas microcalorimétricas analizando os efectos dos fármacos sobre as bacterias. Ao longo da súa vida profesional participou como investigador principal nun total de 22 proxectos, titorizou arredor de 30 teses de doutoramento e conta con 112 publicacións, cun índice H de 31.

FEDERICO MALLO



LABORATORIO DE
ENDOCRINOLOGÍA
(LABENDO)

fmallo@uvigo.gal
Tfno.:986 812 393

Licenciado en Medicina e Cirurxía (1987) e doutorado en Endocrinoloxía (1991) pola Universidade de Santiago de Compostela, é catedrático da Universidade de Vigo onde dirixe o laboratorio de endocrinoloxía desde a súa creación en 1998. Dirixiu máis de once teses de doutoramento e foi investigador principal en máis de dez proxectos en convocatorias competitivas. A día de hoxe, as súas investigacións céntranse nas accións extrapancreáticas das incretinas (GLP-1). Ademais, coordina o Programa de doutoramento interuniversitario en endocrinoloxía e o foi o promotor do Mestrado en nutrición da Universidade de Vigo. Actualmente, é membro da comisión para a descentralización da docencia en ciencias da saúde de Galicia e vogal da xunta directiva da Sociedade Española para o Estudo da Obesidade.

ÁFRICA GONZÁLEZ



INMUNOLOGÍA
(INT)

africa@uvigo.gal
Tfno.:986 130 141

A doutora África González é Profesora titular de Inmunoloxía na Universidade de Vigo. Foi a anterior directora do CINBIO (2009-2019). Desde 2016 ata 2020, foi presidenta da Sociedade Española de Inmunoloxía. A súa investigación distribúese nunhas cen publicacións e catro patentes. É co-fundadora da *spin-off* NanoImmunoTech (NIT), unha compañía especializada en nanopartículas e biosensores. Este innovador emprendemento levouna á etapa final do Premio para Mulleres Innovadoras da UE 2017. Regularmente, é invitada como poñente en congresos e diferentes medios de comunicación. Ademais, é membro da RAFG.

ISABEL PASTORIZA



QUÍMICA
COLOIDAL (QF1)

pastoriza@uvigo.gal
Tfno.:986 813 813

Doutora en Química por la Universidade de Vigo en 2001. Na actualidade é Profesora titular no Dpto. de Química Física e CINBIO. Desde o 2012, coordina e lidera o Grupo de Química Coloidal. A súa investigación céntrase na síntese, ensamblado e modificación superficial de nanopartículas con propiedades singulares así como tamén o desenvolvemento de materiais nanoestruturados (multi)funcionais e ferramentas con aplicación en nanoplasmónica, (bio)detección, catálise e biomedicina.

ÁNGEL R. DE LERA



QUÍMICA
ORGÁNICA
(ORCHID)

qolera@uvigo.gal
Tfno.:986 812 316

Ángel R. de Lera (doutoramento en 1983; posdoutoramento na Universidade de California, Riverside co Profesor Okamura; investigador visitante na Universidade de Washington, Seattle; profesor visitante na Universidade Albert-Ludwig, Friburgo) supervisa un programa de investigación centrado na síntese de polienos, reactividade e bioloxía de retinoides, carotenoides e macrolactamas, e na síntese e bioloxía de moduladores de enzimas que modifican a cromatina (epienzimas). É coautor de mais de 280 publicacións acadando un índice h de 48, e cosupervisor de 33 Teses de Doutoramento.

DAVID POSADA



FILOXENÒMICA

dposada@uvigo.gal
Tfno.:986 812 038

É licenciado en Bioloxía (1994) pola Universidade de Santiago de Compostela e doutorado en Zooloxía (2001) pola Universidade Brigham Young (Estados Unidos). Desde o ano 2011, é Catedrático de Xenética na Universidade de Vigo. A súa investigación é característica pola súa multidisciplinariade, combinando conceptos e ferramentas da bioloxía, estatística e informática. Recentemente, ten realizado estudos sobre a análise filoxenética do xenoma, proxectos sobre xenomas flieográficos de moluscos mariños e iniciou unha nova liña de investigación no campo da xenómica evolutiva do cancro. Como autor de 122 artigos en revistas de alto impacto e 21 capítulos de libro foi citado máis de 44 000 veces, que o levaron a nomealo como un dos investigadores máis citados do mundo (*highly cited author*) en 14 anos consecutivos, tendo un índice H de 64. Ademais, foi dúas veces galardoado polo Consello Europeo de Investigación (ERC).

JACOBO DE UÑA



INFERENCIA ESTADÍSTICA,
DECISIÒN E INVESTIGACIÒN
OPERATIVA (SIDOR)

jacobo@uvigo.gal
Tfno.:986 812 492

É licenciado en Matemáticas en 1995 pola Universidade de Santiago de Compostela e obtivo en 1998 o doutoramento en Matemáticas con Diploma Europeo, con especialidade en Estatística e Investigación Operativa. Desde o ano 1998, ocupa o cargo de investigador principal do grupo SiDOR e en 2010 foi nomeado profesor no Departamento de Estatística e Investigación Operativa na Universidade de Vigo. Ata o momento, supervisou sete teses de doutoramento e publica habitualmente en revistas de elevado prestixio na área da estatística. Tamén é coordinador do Mestrado e Programa de doutoramento en técnicas estatísticas da Universidade de Vigo e promotor do Itmati.

SERVIZOS DE INVESTIGACIÓN

Para que os membros do CINBIO poidan desenvolver as súas investigacións, o centro conta con múltiples laboratorios con equipos adaptados ás necesidades de cada grupo.

- ➔ Bioexperimentación
- ➔ Citometría de fluxo
- ➔ Histoloxía
- ➔ Microscopia
- ➔ Laboratorio NCB-3
- ➔ Bioloxía molecular
- ➔ Cultivo celular
- ➔ Aplicacións de software



PREGUNTAS FRECUENTES (FAQ's)

➔ **Que é un IP?**

Coas siglas IP denomínase ao investigador ou investigadora que está a cargo do proxecto dun grupo de investigación, sendo responsable final do mesmo. Ademais do labor investigativo, o IP realiza tarefas de coordinación e xestión dos grupos, tales como atopar financiamento, recursos humanos ou equipo técnico. Tamén se encarga de analizar e difundir os resultados da investigación, posuindo a autoría principal nas publicacións do grupo que lidera.

➔ **Por que son tan importantes as publicacións científicas?**

A importancia das publicacións científicas reside non só na difusión do coñecemento científico para acadar novos avances, senón que tamén repercute de maneira positiva tanto nos grupos de investigación como no propio CINBIO aumentando o seu prestixio. As publicacións científicas máis comúns son artigos de investigación, libros, capítulos de libro, artigos de revisión ou ensaios, entre outros.

➔ **Que é o Índice H dun investigador ou investigadora?**

O índice H é unha unidade de medición que serve como indicador da produción científica dun investigador ou investigadora, tendo como referencia o número de citas das súas publicacións feitas por outros investigadores. Canto maior é a cifra do Índice H, considérase que as investigacións deste investigador ou investigadora son de maior calidade. Para consultar o índice H, pode recorrerse a bases de datos como WOS ou Scopus. Esta última é a utilizada no CINBIO para a medición do Índice H de cada un dos membros do seu persoal investigador.

PREGUNTAS FRECUENTES (FAQ's)

➔ **Que son as revistas JCR?**

Chámase revistas JCR (Journal Citation Report) a aquelas revistas que teñen un alto impacto, é dicir, cuxos artigos de investigación foron citados con frecuencia nun ano en concreto. O JCR é una ferramenta de WOS que ofrece este factor de impacto, entre outros datos estatísticos.

➔ **Que actividades de divulgación fai o CINBIO?**

O CINBIO realiza durante o ano varios eventos de divulgación co obxectivo de acercar as súas investigacións á sociedade en xeral. Así, unha vez ao ano realízase unha xornada de portas abertas que se complementa con actividades na rúa tanto en Vigo como en Ourense. Por outro lado, o centro participa no evento Pint of Science, encontro informal onde se fala sobre ciencia nun bar, e organiza visitas de institutos. Internamente, realízase o congreso Annual Meeting e un ciclo de conferencias periódico.

➔ **De que oferta formativa dispón o CINBIO?**

A oferta formativa do CINBIO inclúe unha gran variedade de programas de mestrado e doutoramentos pertencentes á Universidade de Vigo, en áreas tan diversas como neurociencia, nutrición, estatística, química, bioloxía, nanociencia, física ou ciencias da vida. O centro é moi activo no aspecto académico-formativo e nos últimos anos (durante o período 2019/2020) foron lidas un total de 11 teses de doutoramento baixo a supervisión dos investigadores e investigadoras principais dos grupos do CINBIO.

EQUIPO DE COMUNICACIÓN

Noel Queipo
cinbio.comunicacion@uvigo.es
986 130 296

Cristina Fernández Prieto
cinbio.tec.comunicacion@uvigo.es
986 130 296





Campus Universitario de Vigo
36310 Vigo – España
Telf: 986 812 118 cinbio@uvigo.es